

Resolución do 22 de xullo de 2024 pola que se fai pública a modificación da Resolución do 4 de xuño de 2024 pola que se convoca o proceso selectivo para a provisión de sete prazas vacantes de persoal funcionario (auxiliar técnico/a de biblioteca, subgrupo C1), da Universidade da Coruña.

Mediante Resolución ditada o 18.07.2024 o reitor da UDC estimou un recurso de reposición interposto o 05.07.2024, sobre a eventual nulidade da valoración dos servizos prestados na fase de concurso da Resolución do 04.06.2024 pola que se convoca o proceso selectivo para a provisión de sete prazas vacantes de persoal funcionario (auxiliar técnico/a de biblioteca, subgrupo C1)

A resolución ordenou modificar a redacción da base citada, que debe quedar redactada como segue:

Por servizos prestados na Universidade da Coruña e/ou noutras administracións públicas como funcionario de carreira ou interino na escala, subescala e subgrupo da praza á cal se opte ou como persoal laboral fixo ou temporal do grupo III en postos de funcións idénticas ou análogas á categoría convocada, ata o fin do prazo de presentación de solicitudes: 0,24 puntos por mes.

Esta modificación, debe publicarse na sede electrónica da UDC.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, cabe interpoñer **RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO** perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, contado a partir do día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O reitor,
PD A xerenta (P.D 10/07/2024)
María Jesús Grela Barreiro

Código Seguro De Verificación	1zEjD3WcwnPAacGKLGJvNQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	22/07/2024 10:18:48
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1zEjD3WcwnPAacGKLGJvNQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

